

**POSIBLES IDEAS  
PARA UNHA HOMILÍA CON NENOS  
24 febreiro 2019**

**O amor aos INIMIGOS  
é posible POR XESÚS**

**1. VER: Hai “inimigos”?**

-É posible que na casa escoitemos esta frase: *“se alguén che pega, pégalle ti tamén, non te quedes quieto, deféndete”*. Oíchela algunha vez? Que se debe facer? Os maiores falan dos “inimigos”. Inimigos son os “contrarios”, os que fan algún tipo de dano. Sabes dalgún?

*Debemos tratalos con violencia ou desprezo? Por que?  
Que situacións de dor causado coñeces ao teu redor?*

**2. XULGAR: Xesús ensínanos a tratar ben a todos.**

-No evanxeo de hoxe, *Xesús dinos: “Sede misericordiosos como o voso Pai é misericordioso, ...amade os inimigos, ...orade por eles, ...facede o ben a todos, ...orade polos que vos tratan mal, ...sede misericordiosos, ...perdoade”*

**QUE NOS QUERE DICIR?**

-**Xesús** (como David na 1ª lectura) **rompe** co estilo de actuar normal da xente e pídenos, non que sexamos parvos, senón **que sexamos “distintos”**: que se se meten connosco non insultemos, que prestemos as nosas cousas aínda que eles non o fagan. Xesús quere que sexamos mellores que o outro, que nos esforcemos máis...

-**Xesús quiere que rompamos o círculo do odio**, da violencia e tendamos pontes. Hai pequenas cousas que podemos facer e marcan a diferenza: dar as grazas, pedir as cousas por favor, falar cun sorriso, saber calar, ter unha palabra amable. Con esas pequenas cousas faremos cambios para ser mellores e distintos.

-**Xesús pon a medida do amor moi alta**: Ata onde debemos amar? Pois ata parecemos a Xesús que deu a vida ou como o Pai que nos perdoo sempre: *“Sede misericordiosos como o voso Pai é misericordioso”*.

-**O amor aos “inimigos” é posible por Xesús**, pola súa forza e no seu nome. Se crésemos e practicásemos de verdade isto, terminaríanse os conflitos, as divisións, as situacións que separan.

***A quen che custa tratar mellor?  
Que diría Xesús? Paga a pena ser distintos?***

### **3. ACTUAR: O amor é posible por Xesús.**

-Pedídlle a Xesús que vos axude a ser diferentes, a romper o círculo do mal.

-Cando che custe perdoar dille: *“Por ti, Xesús, fareino”*.

-Poderíase facer un cartel de cartolina sobre un taboleiro titulado *“O meu próximo”*. Cada un crava unha chincheta na cartolina e logo dáslle a volta á cartolina para ver os buracos. Fáiselles ver que as chinchetas son cada vez que nos metemos con outra persoa... Ao pedir perdón é coma se quitásemolas, pero o buraco xa está realizado.

***En que poderías mellorar? Que imos facer?***

# LECTURAS

**SAMUEL 26:** *O Señor entregoute hoxe no meu poder, pero eu non quixen estender a mano.*

Naqueles días, Saúl emprendeu a baixada ao deserto de Zif, levando tres mil homes escolleitos de Israel, para buscar a David alí. David e Abisay chegaron de noite xunto á tropa. Saúl durmía, deitado no cercado, coa lanza afincada en terra á cabeceira. Abner e a tropa durmían en torno a el. Abisay díxolle a David:

«Deus pon hoxe ao inimigo na túa man. Déixame que o crave dun golpe coa lanza na terra. Non terei que repetir». David respondeu: «Non acabes con el, pois quen estendeu a súa man contra o unxido do Señor e quedou impune?».

David colleu a lanza e a xerra de auga da cabeceira de Saúl, e marcháronse. Ninguén os viu, nin se deu conta, nin se espertou. Todos durmían, porque o Señor fixera caer sobre eles un soño profundo. David cruzou alén e púxose en pé sobre a cima da montaña, lonxe, mantendo unha gran distancia entre eles, e gritou:

«Aquí está a lanza do rei. Veña por ela un dos seus servidores, e que o Señor pague a cada un segundo a súa xustiza e a súa fidelidade. El entregouche hoxe no meu poder, pero eu non quixen estender a miña man contra o unxido do Señor».

***Palabra do Señor.***

**SALMO 102: R/.**

**O Señor é compasivo e misericordioso.**

**1 CORINTIOS 15, 45-49:** *O mesmo que temos levado a imaxe do home terreal, levaremos tamén a imaxe do celestial.*

## LUCAS 6, 27-38:

*Sede misericordiosos como o voso Pai é misericordioso.*

**Narrador:** Naquel tempo, dixo Xesús aos seus discípulos:

**Xesús:** -«A vós os que me escoitades dígovos: amade os vosos inimigos, **facede o ben** aos que vos odian, **bendicide** aos que vos maldín, **orade** polos que vos calumnian. Ao que che pegue nunha fazula, preséntalle a outra; ao que che quite a capa, non lle impidas que tome tamén a túnica. A quen che pide, dálle; ao que se leve o teu, non llo reclames. **Tratade aos demais como queredes que eles vos traten.** Pois, se amades os que vos aman, que mérito tendes? Tamén os pecadores aman os que os aman. E se facedes ben só aos que vos fan ben, que mérito tendes? Tamén os pecadores fan o mesmo. E se prestades a aqueles dos que esperades cobrar, que mérito tendes? Tamén os pecadores prestan a outros pecadores, con intención de cobrarllo. Pola contra, **amade os vosos inimigos, facede o ben e prestade sen esperar nada;** será grande vosa recompensa e seredes fillos do Altísimo, porque el é bo cos malvados e desagradecidos. **Sede misericordiosos como o voso Pai é misericordioso;** non xulguedes, e non seredes xulgados; non condenedes, e non seredes condenados; **perdoade,** e seredes perdoados; dade, e darásevos: verteranvos unha medida xenerosa, ateigada, apertada, rebordante, pois coa medida con que medirdes medirásevos a vós».

**Palabra do Señor.**

**(Narrador-Xesús)**